

ACTA N° 2019/12
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALON DE PLENOS, venres 11 de outubro de 2019 -

No día de hoxe, ás 19:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnenos os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario-Interventor, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

MARÍA DEL CARMEN MUÍÑO FILGUEIRA

MANUEL VARELA MECÍAS

MARÍA AMPARO CALVO GONZÁLEZ

MANUEL BECEIRO COUCE

ANA BELÉN BREIJO GUNDÍN

TOMAS CALVO GARCÍA

PARTIDO POPULAR

MARÍA BELÉN TRIGO MEIZOSO

MARÍA ESTHER DÍAZ VERGARA

JOSÉ LUIS HERMIDA PRIETO

PSOE

LOIS ANXO RODRÍGUEZ CALVO

SECRETARIO-INTERVENTOR:

MIGUEL ÁNGEL ARROYO MORENO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (ordinaria do 26- 09-2019)

2º.- Moción para a adopción urxente de medidas que salven o futuro da central térmica de As Pontes.

O Sr. Alcalde comeza sinalando que se trata dun pleno extraordinario solicitado por un tercio dos concelleiros da corporación a través dun escrito presentado polo Partido Popular, con dous puntos na orde do día, a aprobación da moción urxente plantexada polo PP e a aprobación da acta da sesión anterior.

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (ordinaria do 26- 09-2019)

A Sr. trigo sinala que detectou na acta dous erros: un na parte de "Rogos" (que os pantexa ela e non a Sra. Díaz como figura na acta) e outro na parte de "Preguntas" (as tres primeiras fainas ela e non a Sra. Díaz como figura na acta).

Unha vez feitas estas puntualizacións, procedese a votación co condicionante de subsanar os erros.

A acta **apróbbase por unanimidade** a condición de que se subsane o erro.

2º.- Moción para a adopción urxente de medidas que salven o futuro da central térmica de As Pontes.

Consta no expediente a seguinte moción urxente presentada polo Partido Popular que deu lugar á convocatoria deste Pleno Extraordinario:

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ante a fonda preocupación que sentimos en relación coas últimas noticias coñecidas en torno ao peche da Central Térmica de As Pontes que requiren da adopción de medidas urxentes; ao amparo do disposto no artigo 78,2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais solicita, coa sinatura preceptiva dun mínimo da cuarta parte dos concelleiros desta corporación, a convocatoria urxente dun PLENO EXTRAORDINARIO cunha Orde do Día no que se inclúe o seguinte punto:

**MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN URXENTE DE MEDIDAS QUE SALVEN O FUTURO DA
CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A central térmica de As Pontes é o maior grupo de produción de enerxía de Galicia, da emprego directo a 700 persoas e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ó ano.

Desde marzo de 2018 a instalación estaba inmersa na adaptación á Directiva de Emisións Industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis alo dos requisitos desta norma comunitaria.

A Central Térmica acordou a paralización da súa actividade dende hai cinco meses e suspendeu gran parte da execución do investimento previsto, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías da subministración eléctrica a un prezo competitivo.

Esta situación xa viña sendo moi preocupante polas súas consecuencias sobre os traballadores, empresas e sectores, en xeral, vinculados a esta central, especialmente os transportistas, que levan cinco meses sen poder traballar.

O pasado día 27 de setembro, Endesa comunicaba a discontinuidade da produción das súas centrais térmicas, entre elas, a de As Pontes, é dicir, o seu próximo peche. Esta decisión ten unhas implicacións dramáticas para Galicia, en xeral, e para a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal, Terra Chá e Mariña Lucense en particular.

Este peche materializaría a perda de centos de empregos nestes Concellos e tería un impacto económico e social cunhas consecuencias dramáticas para estas comarcas. Non podemos tolerar esta situación nin mantermos impasibles ante o desmantelamento dun sector económico que xera moita riqueza e do que viven centos das nosas familias e, por iso, debemos amosar a unidade de acción que os nosos veciños se merecen para denunciar este novo castihgo e esixir inmediatamente solucións que garantan o futuro e os empregos e eviten unha nova reconversión industrial nesta zona.

É por iso que, o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de San Sadurniño amosa todo o seu apoio e solidariedade cos traballadores da Central Térmica de Endesa en As Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ella e co Porto de Ferrol, esixindo do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da cenral de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Mi nistra de Transición Ecolóxica, Teresa Rivera, principal responsable da situación da central Pontesa.”



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O grupo do BNG propón a seguinte enmenda á totalidade á moción urxente plantexada polo Partido Popular que a continuación se reproduce:

“PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE EMENDA Á TOTALIDADE DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP REFERENTE Á TOMA DE MEDIDAS PARA SALVAR O FUTURO DA CENTRAL TÉRMICA DAS PONTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Perante os graves ataques que está a sufrir a industria galega nos últimos tempos, e nomeadamente debido ao anuncio do peche da Central térmica das Pontes por parte da empresa ENDESA, a sociedade das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal está a manifestar o seu desacordo e profunda inquedanza polo futuro industrial da nosa Terra.

Consideramos que neste momento son precisas accións de defensa dos nosos dereitos, e sobre todo propostas para deseñarmos un futuro próspero para o conxunto da nosa cidadanía. Neste senso debemos procurar o maior grao posible de consenso e fuxir de propostas puntuais, ineficaces ou con intencionalidade electoralista.

Concordamos en que os plenos municipais deben posicionarse ante este escenario, pero cremos que a proposta de moción presentada polo Grupo municipal do PP de San Sadurniño non vai ao cerne do problema, e só se centra en pedir medidas ambiguas e reclamar a dimisión da Ministra do ramo.

O pasado día 30 de setembro boa parte dos alcaldes e alcaldesas das comarcas xuntáronse para elaborar unha declaración institucional consensuada e centrada na demanda dunha reactivación da nosa economía.

*Por estes motivos, **PROPOMOS** a seguinte emenda á totalidade sobre a proposta presentada polo Grupo municipal do PP:*

O Pleno do Concello de San Sadurniño ratifica en todos os seus termos a Declaración institucional asinada o pasado 30 de setembro, no Concello de Ferrol, polos alcaldes e alcaldesas das Pontes, Ferrol, Pontedeume, Neda, Mugardos, Ortigueira, Cedeira, Cerdido, A Capela, As Somozas, San Sadurniño, Fene, Cariño, Valdoviño, Moeche, Cabanas, Ares, Narón, Miño, Monfero, Mañón, Muras, Xermade, Vilalba e Viveiro, e cuxo contido se reproduce de seguido.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os alcaldes e alcaldesas de Pontes, Ferrol, Pontedeume, Neda, Mugardos, Ortigueira, Cedeira, Cerdido, A Capela, As Somozas, San Sadurniño, Fene, Cariño, Valdoviño, Moeche, Cabanas, Ares, Narón, Miño, Monfero, Mañón, Muras, Xermade, Vilalba e Viveiro, integrados nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal, Terra Cha e A Mariña Occidental, diante da circunstancia que se está a vivir de EMERXENCIA INDUSTRIAL (coa situación de ENDESA, Alcoa, Navantia, Gamesa, Poligal, Reganosa, etc), que pode arrastrar a miles de traballadores e traballadoras e a todo un tecido empresarial vinculado ao sector industrial, que xa leva perdido miles de empregos nos últimos



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

anos (10.000 no naval, 2.700 en Endesa, 409 en Gamesa, 200 en Conservas La Jira e 150 en Pizarras Campo), EXPRESAN a súa profunda preocupación por esta situación.

Así mesmo, estas comarcas arrastran un déficit importante tanto en materia de infraestruturas ferroviarias e viarias, imprescindibles para acompañar esta aposta pola rexeneración industrial, coma no referido ao impacto do prezo da enerxía e o grave despoboamento.

Por todo isto, INSTAN CON URXENCIA ás administracións con competencia en industria, é dicir, o Ministerio de Industria e a Consellería de Economía e Industria, a acometer unha INICIATIVA CONXUNTA DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E CAPTACIÓN INDUSTRIAL nestas comarcas, que fomente a política industrial nos sectores do naval, a enerxía, a fibra de madeira, a transformación do sector primario (agropecuaria, forestal e pesqueiro), o metalúrxico e o tecnolóxico, así coma o aproveitamento de todas as potencialidades existentes nestas comarcas.

Para trasladar esta problemática, solicitan as correspondentes entrevistas cos ministerios de Industria e de Fomento, e coas consellerías de Economía, Emprego e Industria e de Infraestruturas”.

A Sra. Muíño sinala que baseándose no artigo 97.5 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, propón unha enmenda a totalidade da proposta de moción plantexada polo Partido Popular.

Tendo en conta a grave situación da comarca en relación o desmantelamento industrial e nomeadamente debido ó anuncio do peche inminente da central térmica de As Pontes a sociedade de Ferrol Eume e Ortegaleira están a manifestar seu desacordo e preocupación polo seu futuro. Consideran que é momento de defender os dereitos e traer adiante propostas que realmente sirvan para diseñar un futuro para o conxunto da cidadanía. Pensamos que son momentos de acadar medidas de consenso e fuxir de propostas puntuais ou mesmo con intención electoralista. Concordamos en que os plenos municipais deben posicionarse en relación a esta situación que nos afecta a todas e creen tamen que a proposta do Partido Popular, no seu contido, non concreta medidas útiles máis alá de solicitar a dimisión da ministra en funcións do ramo. O pasado día 30 de setembro, os alcaldes e alcaldesas das comarcas afectadas xuntáronse para elaborar unha declaración institucional consensuada e centrada na demanda dunha reactivación da nosa economía que realmente é a esencia do problema e parte das solucións. Por este motivo propónse a seguinte enmenda a súa totalidade. A Sra. Muíño da lectura da moción reproducida nos parágrafos anteriores.

Unha vez lida a enmenda ábrese a quenda de intervencións:

A Sr. Trigo comenta que xa sabía que se iba a levar esa enmenda porque noutros concellos tamén se presentou ó igual que a súa moción. Entenden que o traballo feito polos alcaldes fora das cores políticas e moi boa e admirable xa que se pon a traballar no que se ten que traballar e que é unha labor ben feita pero que lle falta a nivel municipal e no pleno do Concello igual que no seu momento se trouxeron traballadores de Poligal, dunha comarca próxima por exemplo, pór o graño de area para dicir que dentro do Concello todos os representantes políticos tamen apoian a esas persoas. O tema da dimisión da ministra, teñen claro que non vai a dimitir,



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

pero era unha referencia a reunión que tivo hai un ano con Valentin o alcalde das Pôntes na que lles garantía ese seguimento da central que a día de hoxe veuse que non e verdade.

O Sr. Rodriguez, lonxe de avivar polemicas e valorar a primeira moción presentada polo Partido Popular con intención electoralista, quere valorar positivamente que haxa esa unidade de acción que non se recorda na comarca dende tempos da primeira crise industrial. Nese sentido reafirmase o seu grupo na unidade de acción e que se mobilicen todas as institucións a nivel estatal, galego e europeo xa que é de vital importancia.

A Sra. Muiño comenta que si a pretensión coa moción que presentan é deixar a un lado as cores politicas resulta chamativo xa que se trata dun desmarque total e absoluto do consenso. Si o que se desexaba era realmente era mostrar un consenso e unión esta declaración institucional estaba a disposición para presentar de xeito conxunto todos os partidos políticos aquí representados. Facer o comentario de "xa sabemos que a ministra non vai a dimitir" cando se solicita un pleno extraordinario para traer esta moción parece pouco respetuoso co colectivo de persoas afectadas porque e un tema suficientemente grave como para colocarse a traballar de forma conxunta e buscar solucións para que a xente poida gañar o pan. En canto a representación do colectivo poderiase ter sentado a falar e dar cabida a moción que traen non representa os colectivos

A Sra. Trigo responde que se poden falar moitas cousas pero hai que sentarse a falalas. Esta muy ben que se vaia a unha reunión dos alcaldes considera que deberían sentarse na mesa cos portavoces dos demáis grupos políticos para obter información do que pasa nesas reunións. Cando se fala de intencionalidade electoralista recorda que as suas mocións sempre se tachan de electoralistas. Hai pouco se presentou unha moción que se tachou así e se dixo que non habia goberno na actualidade. Segundo as ultimas noticias vemos que si que o hay que se desbloquea Facenda de xeito que dos 700 millóns que deben a galicia, 320 están postos para vir de camiño. Por este motivo considera que igual hay que facer cousas así para que escoiten.

O Sr. Rodriguez reafirmase no dito con anterioridade. Independentemente de que sexa representante do PSOE considera que teñen que filtrar un pouquiño e meditalas cousas. Pola súa parte estan abertos o dialogo sempre. Con respecto a falar de este tema cando houbo unha declaración institucional no que había tamén alcaldes do PP así coma do PSOE ou do BNG, quen quería obter información tiña accesible.

O Sr. Alcalde sinala que todos concordan en que é positivo e sano que nos plenos se fale de política, xa que o que pasa nesta comarca é consecuencia de politicas tomadas a mais de 600 km de distancia e que abocan a emigración e a desesperación. Estamos nunha comarca moi condicionada polas políticas do Estado no seu momento do INI, xa anteriormente da Defensa e da Armada na construción naval e tanto no caso de Endesa como de Alcoa que son empresas que o INI montou e tomou a decisión de vincular industrialmente toda a actividade económica a eses intereses (non para a xente de aquí se non de máis grandes). A produción enerxética de As Pontes sirveu para, entre outras cousas, facer dunha empresa publica unha gran multinacional que se privatizou por decisións políticas que anos pasados os anos dímonos conta que foron un erro. Hay que facer un examen de conciencia e recoñecer que aquelas decisións políticas foron un erro. Todos os estados europeos do noso entorno, no que nos sectores estratéxicos como é a



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

electricidade, a principal empresa enerxética ten, principalmente un control publico porque non se pode estar a espensas da decisión dun consello de administración. Indica que non pode ser que, quen marque os tempos no deseño dunha comarca na transición enerxética, que é necesaria, sexa un consello de administración que se reúne nun edificio da Castellana e que os territorios afectados non teñan nada que ver, e que o goberno estea a remolque do que deciden os grandes lobys enerxéticos. E isto é consecuencia dunha decisión política tomada no seu momento de privatizar Endesa (que finalmente está controlada por unha empresa Pública Italiana). Esas son as cuestións que condicionaron o que está a pasar nas Pontes. Se fora o estado español o principal accionista non tomaría dun día para outro a decisión e si a tomara, saberíase a quen recurrir. E o mesmo que ocorre no caso do naval que esta vinculado unicamente a unha decisión do Ministerio de Defensa. E bo exixir, que é o que se fala na declaración institucional, ás administracións con competencias como a Xunta. As competencias en Endesa non son da Xunta pero non pode estar vendo pasar a situación como si nada, si non ten competencias ten que exixilas. Con respecto a moción que presenta o PP, sinala o Sr. Alcalde que dicía a súa portavoz que intuía que se ía presentar esta moción do mesmo xeito que cando se estaba asinando a declaración institucional, se estaba presentando a solicitude de pleno extraordinario. Sen embargo o día anterior se estaban reunindo o vicepresidente do Parlamento e os Alcaldes do PP da comarca diante da central termica de As Pontes como si aquilo fora unha decisión caída do ceo. Sinala que haberíalles que recordar que foi Aznar que acabou de privatizar Endesa (comezou Felipe González polo que o PSOE tampouco pode votar balóns fora). Evidentemente para posibilitar que se aprobe unha declaración institucional temos que ceder todos e quitar aquilo susceptible de disputas e poñer algo ambigua que valga para todos. A moción do pp e bastante pobre dende o punto de vista intelectual xa que hay eleccións inminentes polo que xa está "dimitida", está en funcións polo que as súas funcións xa son limitadas.

O Sr. Alcalde explica que procede votar a enmenda e si se aproba esta xa non se vota a moción orixinal proposta polo PP.

Sen máis intervencións, sométese a enmenda a votación sendo aprobada por **oito (8) votos a favor (BNG E PSOE) e tres (3) abstencións (PP)**.

Ao non haber asuntos que tratar, o Presidente declara rematado o acto cando son as 19:20 horas, de todo o que, como secretario, dou fe.

O alcalde
Secundino García Casal

O secretario
Miguel A. Arroyo Moreno